

EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA



Acción colectiva, de sensibilización social,
contra las violencias machistas

Manual para voceiras e colaboradoras

Dirección artística: uqui.net uqui permui[@]uqui.net

Dirección técnica e redacción de contidos: Lucia Canoura luciacanoura[@]gmail.com

outubro de 2017

[1] Presentación

[2] Que concellos promoven #EnNegroContraAsViolencias?

[3] Quen pode participar?

[4] Como poido?

[5] Estratexia de expansión...contra as violencias machistas!

[1] Presentación

#EnNegroContraAsViolencias é unha campaña de denuncia e sensibilización social contra a violencia de xénero promovida por máis de 50 concellos galegos.

Os obxectivos da campaña son:

- Fomentar unha acción de sensibilización cidadá contra as violencias machistas no ámbito municipal a través da coordinación entre concellos moi diversos e de diferentes cores políticas.
- Implicar ao tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural, así como a toda a cidadanía, nunha resposta colectiva de rexeitamento da violencia de xénero e dos asasinatos machistas.
- Identificar, transmitir e incidir nos comportamentos e expresións verbais que están detrás da violencia de xénero a través do uso de materiais de campaña específicos por parte da cidadanía, establecementos comerciais e axentes sociais.



A boa acollida da campaña desenvolvida en **2016** por **17 concellos** [A Coruña, Ames, Cangas, Carballo, Compostela, Ferrol, Lugo, Poio, Pontevedra, Ribadeo, Sada, Santiago de Compostela, Sarria, Teo, Tui, Vilalba e Zas] foi o punto clave que está motivando a participación de tantos municipios nesta acción, que consiste en tinguir de negro o mapa galego.

A campaña esixe o compromiso político e técnico dos concellos para espallar a acción e mobilizar á poboación e aos axentes sociais e económicos para tinguir de negro as vilas e cidades galegas. Xunto ao compromiso dos concellos, e logo de convidar ás deputacións galegas a sumarse á campaña, os entes provinciais de Lugo, A Coruña e Pontevedra confirmaron adhesión a #EnNegroContraAsViolencias a través da edición e distribución de material da campaña aos concellos participantes das respectivas provincias.

[2] Que concellos promoven #EnNegroContraAsViolencias?

As entidades locais que promoven #EnNegroContraAsViolencias son, actualmente 57 concellos e 3 deputacións provinciais. Se queres participar, só tes que poñerte en contacto co teu concello.

A Coruña, A Pobra do Caramiñal, Allariz, Ames, Ares, As Pontes, Becerreá, Betanzos, Burela, Caldas de Reis, Camariñas, Cambre, Cangas, Carballo, Cariño, Castrelo de Miño, Cedeira, Cee, Cerdido, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Ferrol, Fisterra, Lugo, Manzaneda, Moeche, Mugardos, Muros, Muxía, Narón, Neda, Nigrán, O Corgo, Oroso, Ortigueira, Poio, Pontedeume, Pontevedra, Rábade, Rianxo, Ribadeo, Sada, Salceda de Caselas, San Sadurniño, Santa Comba, Santiago de Compostela, Sarria, Teo, Tui, Val do Dubra, Vilagarcía de Arousa, Vilalba, Vilar de Santos, Vimianzo, Viveiro e Zas.

Deputación da Coruña
Deputación de Lugo
Deputación de Pontevedra

[3] Quen pode participar?

A acción está aberta a todo tipo de participacións.

a] Por exemplo, se es unha persoa, profesional, axente social ou entidade....

.... do **ámbito educativo** como IES, profesorado, equipos de orientación, Anpas, universidades...

.... do **ámbito asociativo** como asociacións veciñais, asociacións de mulleres, asociacións feministas...

.... do **ámbito cultural** como bibliotecas, librarías, teatros, festivais, institucións públicas...

... do **ámbito deportivo** como equipos deportivos, estadios, pavillóns polideportivos...

.... do **ámbito económico e comercial** como asociacións de comerciantes, asociacións empresariais, establecementos comerciais, centros comerciais...

... do **ámbito da comunicación** como radios, xornais, televisións, xornais dixitais, bitácoras en liña...

b] Participando como **voluntaria/o** no reparto do material se no teu concello o precisan.

c] E tamén, por suposto, implicándote como **veciña ou veciño** vestindo de negro as ventás do teu fogar, comunidade, barrio ou establecemento comercial.

[4] Como poido participar?

Podes participar na campaña #EnNegroContraAsViolencias ou #OmeuConcelloEnNegro de múltiples formas e a través de múltiples canles.

Páxina web

Se queres ser voceira e/ou colaboradora: podes participar a través da web <http://ennegrocontraasviolencias.gal/> que alberga toda a información sobre o desenvolvemento da campaña así como os contidos materiais sobre os que se sustenta a acción.


MAPA. Recolle o mapa galego e os puntos negros que simbolizan os apoios da campaña, por parte de concellos, entidades, institucións, tecido comercial e empresarial. Se queres estar no mapa e participar na campaña, contacta co teu concello.

DESCARGAS. Neste apartado estará subido todo o material de campaña que poderás autoeditar, lemas, imaxes...

PREGUNTAS FRECUENTES. Para resolver dúbidas
<http://ennegrocontraasviolencias.gal/preguntas-frecuentes>

COLLEITA. Espallar a mensaxe contra as violencias machistas é un dos principais obxectivos da campaña e da acción conxunta. Para visibilizar esa actividade é preciso etiquetar o material, notas de prensa, fotos, comunicados ou videos nas redes sociais cos hastags #GaliciaEnNegro, #ContraAsViolencias ou #EnNegroContraAsViolencias, de xeito que estes contidos pasan a estar recollidos neste apartado.

FOROS TEMÁTICOS. Dada a importancia desta canle de comunicación e coordinación, explicámola nun apartado específico.



Foros temáticos

Os foros foron concibidos como unha ferramenta útil para posibilitar a participación dos axentes sociais na campaña e visibilizar o alcance da acción conxunta. Son, sobre todo para as persoas voceiras ou colaboradoras.

Existen **3 foros públicos de acceso aberto** para todas aquelas persoas que teñan interese en colaborar no desenvolvemento da campaña a nivel local e/ou global.

Foro de Educación: pensado especialmente para o ámbito educativo de secundaria co obxectivo de poñer en común materiais e ferramentas para traballar a violencia de xénero nas aulas. A idea principal é a de crear unha unidade didáctica a partir das propostas que se vaian facendo neste foro, para desenvolver nas aulas co gallo do 25N.

Foro de Ideas: aberto ás propostas dos axentes sociais, voceiras, colaboradoras, veciñanza. Trátase de poñer en común ideas para desenvolver diferentes accións no marco da campaña, desde un acto conxunto todos os concellos, ata propostas moi diversas de de mobilización cidadá

Foro de Difusión: pensado principalmente para persoas do ámbito da comunicación, medios, gabinetes de comunicación dos concellos, presentadoras/es de radio, bloggers... co obxectivo de posicionar a campaña e garantir unha maior difusión dos seus contidos e das accións que se desenvolven no contexto dos concellos.

Outras canles

Ademais dos foros, todas as persoas poden participar apoiando a campaña a través de múltiples accións e, sobre todo, **vestindo de negro os espazos públicos, espazos privados, fogares, redes sociais, páxinas web, medios de comunicación** etc. e espallando a mensaxe contra as violencias machistas.

Se queres ser patrocinador/a ou colaborador/a. Se es unha organización ou empresa interesada en ser parte da acción #EnNegroContraAsViolencias como patrocinadora local, a través da achega de material de campaña, podes poñerte en contacto coa responsable municipal da campaña do teu concello. Se desexas contribuír á acción global de todos os concellos podes escribir á coordinación a ennegrocontraaviolencia@gmail.com.

Se simplemente es veciña/o: Espalla a mensaxe contra as violencias machistas amosando o teu rexeitamento a través das mensaxes da campaña. Permance atenta/o aos repartos de material que faga o teu concello, descarga e imprime os lemas da web ennegrocontraaviolencia.gal e viste de negro a ventá máis visible da túa casa ou piso con prendas de **roupa negra do 24 ao 26 de novembro**. Participa nos actos que organice o teu concello arredor do 25N, lectura manifesto, concentracións, marchas...

Algúns concellos dispoñen de material de campaña para repartir entre o tecido comercial e axentes sociais. Busca a información sobre o teu pobo, vila ou cidade.

[5] Estratexia de expansión...contra as violencias machistas!

usa os #hashtags
chíanos nas RR.SS
comparte no teu medio de comunicación

#GaliciaEnNegro
#ContraAsViolencias
#EnNegroContraAsViolencias

Redes sociais

Facebook: En negro contra as violencias - @ennegrocontraasviolencias -
<https://www.facebook.com/ennegrocontraasviolencias/>

Twitter: contraasviolencias - @galiciaennegro - <https://twitter.com/galiciaennegro>

Instagram: ennegrocontraaviolencia - <https://www.instagram.com/ennegrocontraaviolencia/>

Estratexia

Comercios

Tendo en conta que o 24 de novembro é o *Black Friday*, a proposta cos comercios é que coloquen grandes carteis negros no escaparate **durante a fin de semana**

do 23
ao 26



Estratexia

do 23
ao 26



Estratexia

Cidadanía

Ademáis de amosar o apoio nas redes sociais, como fixeron nas anteriores edicións, contaremos na web cun espazo onde se poida ver todas as imaxes que se suban a través de: **#EnNegroContraAsViolencias**

Ademáis a través de colectivos, asociacións e centros sociais distribuirase material para que durante a fin de semana se poida intervir nas casas, animando á xente a colgar lonas e roupa negra das fiestras...

do 23
ao 26



Accións no ámbito educativo [do 15 ao 24 de novembro]

Para a organización de accións no ámbito educativo remitimos ás voceiras e colaboradoras deste sector ao **Foro de Educación**. Algunhas accións poden ser: deseño dunha unidade didáctica sobre material compartido no foro, colgar faixa nos exteriores do centro, rexistro audiovisual dalgunha proposta de visibilización da campaña, colocar carteis nas aulas “Espazo libre de violencias machistas” etc.

Se es deste ámbito, pregunta no teu centro educativo!!!!

Escaparates tecido comercial e empresarial [do 23 ao 26 de novembro]

É a acción que se repetiría por terceiro ano consecutivo e unha das máis simbólicas nas vilas e cidades. O tecido comercial e as empresas que desexen apoiar a campaña deberán vestir loito do 23 ao 26 de novembro. Os concellos podedes facilitar material como cartelería, autocolantes, camisolas... mais a implicación do comercio vai máis aló de colocar un cartel no escaparate. As tendas deben procurar vestirse de negro con recursos propios: roupa dos manequíns, bolsos, lenzaría, libros, mochilas, empregando teas negras, vestindo roupa negra as e os traballadores etc. Esa é a verdadeira resposta a esta proposta.

Contacta co teu concello por se che poden facilitar material e subirte ao mapa de **#EnNegroContraAsViolencias**.

Vivendas [do 23 ao 26 de novembro]

Queremos levar esta acción ao compromiso social individual polo que propoñemos vestir de negro as fachadas das vivendas e dos edificios, complementariamente aos comercios e espazos públicos.

Descarga material da web, pregunta se facilitan algún soporte no teu concello...



Concellos: acto conxunto o 24 de novembro

Busca a faixa negra no teu concello e apoia os actos que se desenvolvan arredor da campaña no municipio.

O día 24 de novembro está previsto que todos os concellos desenvolvan un acto insitucional seguindo un programa similiar. Busca información no teu concello!

Outras múltiples propostas [diferentes ámbitos]

Implicar a equipos deportivos locais a vestir a camisola e apoiar a campaña.

Mobilizar a medios de comunicación locais para sacar especiais, programas de radio, programas de televisión.

